

## CURSOS TEMPADA 2024-2025

### HISTORIA DO CINEMA

## AFECTOS ESPECIAIS

### A linguaxe do cinema e a súa potencia expresiva

17 outubro 2024 – 29 maio 2025



1

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: José Manuel López

Lugar: salón de actos

Datas: do 17 de outubro de 2024 ao 29 de maio de 2025

Horario: XOVES de 19.15 a 20.45

Total sesións: 24

**PRAZAS LIMITADAS.** Inscripción e matrícula a partir do **17 de setembro**

Prezo: 190€ (desconto do 20% para membros da AAM Agrupación Amiga do MARCO e para estudantes, previa acreditación).

Posibilidade de pagamento fraccionado nos termos que se detallan na ficha de inscrición.

**AVISO para estudantes Universidade de Vigo:** estase xestionando a obtención de **1,2 créditos ECTS** por asistencia a este curso, aplicable a todo o **alumnado da Universidade de Vigo**, que se beneficiará dun **50% de desconto** no prezo de matrícula. Este desconto será tamén aplicable a quen se teña graduado no **curso académico 2022-23 da UVigo**.

## AFECTOS ESPECIAIS. A linguaxe do cinema e a súa potencia expresiva

Serge Daney escribiu que a emoción no cinema é un “movemento de cámara ao revés, o que se produce no corpo do espectador. Xorde daquilo que, de súpeto, adiviñamos”. Pero, que adiviñamos, exactamente? Algo na pantalla fálanos, apélanos ou conmóvenos, e nese momento faise presente “a beleza fráxil do cinema”, como a chama Daney, “capaz de facernos sentir que unha escena está próxima a nós sen que haxa necesidade de aproximar a cámara”. Porque a técnica sempre será o menos importante e deberá ser posta ao servizo da emoción ou non será máis que utilería vendida aos avances de cada época e, polo tanto, imaxinaría baleira.

As posibilidades da linguaxe do cinema son, na súa combinatoria, infinitas ou cando menos incontables, pero neste curso faremos un percorrido por algúns dos seus recursos máis recoñecibles, atendendo non tanto á técnica ou tecnoloxía utilizada como á súa potencia emotiva e expresiva: Robert Bresson e o fóra de campo, Alfred Hitchcock e os seus planos detalle ou os seus encadeados, os *jump-cuts* de Godard, as elipses de Takeshi Kitano, os fundidos de Stanley Kubrick, os planos *baleiros* de Yasujiro Ozu, os sutís movementos de cámara de John Ford ou os xestos dos seus actores, os símbolos de Luis Buñuel ou Pier Paolo Pasolini, os *Dolly-shot* sobre os rostros de Steven Spielberg, os planos-secuencia de Naomi Kawase ou os *travellings* de Kelly Reichardt ou Gus van Sant, entre innumerables outros.

### PROGRAMA / CALENDARIO

17 outubro 2024 – 29 maio 2025

**NOTA:** calendario suxeito a posibles cambios, que no seu caso se comunicarán con antelación.

**Sesión 1** (xoves 17 outubro)

O encadre: a composición

**Sesión 2** (xoves 24 outubro)

O encadre: o fóra de campo

**Sesión 3** (xoves 7 novembro)

A cámara: movementos e corte

**Sesión 4** (xoves 14 novembro)

A cámara: deslizamentos e duración

**Sesión 5** (xoves 28 novembro)

O plano-secuencia

**Sesión 6** (xoves 12 decembro)

O plano conxelado

**Sesión 7** (xoves 19 decembro)

O primeiro plano

**Sesión 8** (xoves 9 xaneiro)

A trucaxe e os efectos prácticos

**Sesión 9** (xoves 16 xaneiro)

A montaxe: o corte

**Sesión 10** (xoves 23 xaneiro)

A montaxe: a elipse

**Sesión 11** (xoves 30 xaneiro)

A montaxe: o fundido encadeado

**Sesión 12** (xoves 6 febreiro)

A fotografía: a cor

**Sesión 13** (xoves 13 febreiro)

A fotografía: a luz e a sombra

**Sesión 14** (xoves 27 febreiro)

Sesión a cargo de **relator/a convidado/a** [nome e contidos por confirmar]

**Sesión 15** (xoves 6 marzo)

O son

**Sesión 16** (xoves 13 marzo)

A música

**Sesión 17** (xoves 20 marzo)

Sesión a cargo de **relator/a convidado/a** [nome e contidos por confirmar]

**Sesión 18** (xoves 3 abril)

A posta en escena: o corpo do actor

**Sesión 19** (xoves 10 abril)

A posta en escena: o espazo e o decorado

**Sesión 20** (xoves 24 abril)

Sesión a cargo de **relator/a convidado/a** [nome e contidos por confirmar]

**Sesión 21** (xoves 8 maio)

O plano subxectivo

**Sesión 22** (xoves 15 maio)

A cuarta parede (miradas a cámara)

**Sesión 23** (xoves 22 maio)

O plano suspendido

**Sesión 24** (xoves 29 maio)

O plano simbólico

---

**José Manuel López** (Vigo, 1974) é doutor en Comunicación e Información Contemporánea e profesor de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo. En 2004 funda a revista de cinema *Tren de sombras* e dende o ano 2007 ao 2017 forma parte do consello de redacción de *Caimán Cuadernos de Cine*, anteriormente coñecida como *Cahiers du Cinéma. España*. En 2008 coordina o libro *Naomi Kawase. El cine en el umbral* e é autor de artigos tanto en revistas académicas (*Fotocinema, L'Atalante, Quintana...*) como de crítica de cine, de relatorios en congresos e capítulos de libros. Dende 2012 imparte cursos de cinema no MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo e no CGAC, Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago. Impartiu conferencias en espazos como Filmoteca Española, Master LAV, ESCAC, Filmoteca de Galicia, Seminci, Festival de Málaga ou o Centro de las Artes de Sevilla. Ten comisariado exposicións e ciclos para Fundación Luis Seoane, Curtocircuito: Festival Internacional de Cine de Santiago, Solar Galería de Arte Cinemática e o festival de cine Curtas de Vila do Conde (Portugal). En 2020 recibe o premio ao mellor ensaio escrito sobre audiovisual internacional outorgado pola Academia Galega do Audiovisual.